

Ordenanza reguladora das plantacións e cortas de árbores

O Pleno da Corporación, en sesión do 26 de xullo de 2001, aprobou a ordenanza de referencia, que exposta ó público sen reclamacións queda definitivamente aprobada co seguinte texto:

A presente ordenanza redáctase para poder poñer orde na explotación forestal dos montes do Concello de Pontedeume, dada a importancia que para o mesmo debe de ter desde os puntos de vista industrial (madeireiro) e da protección da paisaxe, á vez da gran transcendencia que para a nosa economía ten a conservación tanto ambiental coma da paisaxe ó se tratar dun concello con tanta tradición turística.

Tenta a presente ordenanza dete-los atropelos que ata hoxe en día levaron ó maltrato e destrucción de camiños públicos e o uso abusivo dos terreos para as plantacións das especies do xénero eucalipto, tan prexudiciais para o noso chan e a nosa paisaxe.

A protección que por outra banda merecen os nosos monumentos históricos, lévanos a contemplar á súa volta os lugares case que idílicos dos que sempre estiveron arrodeados.

É unha ordenanza que agardamos contribúa a unha maior protección do noso medio natural e ó desenvolvemento sostible que todos queremos.

Artigo 1.-De conformidade co disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; e do Decreto 2661/1967, do 19 de outubro, o Concello de Pontedeume establece a presente ordenanza non fiscal reguladora das plantacións e repoboación forestais e das distancias que deben de manter respecto das edificacións e doutras plantacións, cultivos ou explotacións, sendo o seu ámbito de aplicación o término municipal de Pontedeume, agás o espacio comprendido dentro do parque natural das Fragas do Eume, que se regulamentará polas disposicións que se contemplan no Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) e no Plan de uso e xestión que para este estean redactados.

Artigo 2.-As plantacións e repoboacións que se fagan con especies do xénero eucalipto, chopo e especies invasivas de alto risco estarán suxeitas ás seguintes condicións.

Distancia a núcleos urbanos: 100 metros.

Distancia a vivendas: 100 metros.

Distancia a fontes, mananciais e leitos fluviais: 25 metros.

Distancia a cultivos agrícolas, praderías ou pasteiros: 30 metros.

Distancia a camiños e estradas asfaltadas de titularidade pública, desde o eixe dos camiños: 6 metros.

Distancia a camiños forestais: 6 metros.

Artigo 3.-As plantacións e repoboacións que se realicen con piñeiros e outras especies de resinosas ou coníferas, estarán suxeitas ás seguintes condicións:

Distancia a núcleos urbanos: 60 metros.

Distancia a vivendas: 30 metros.

Distancia a fontes, mananciais e cauces fluviais: 15 metros.

Distancia a cultivos agrícolas, praderías ou pasteiros: 15 metros.

Distancia a camiños e estradas asfaltadas de titularidade pública, desde o eixe dos camiños: 6 metros.

Distancia a camiños forestais: 6 metros.

Artigo 4.-As plantacións e repoboacións que se realicen con especies frondosas (de crecemento lento) estarán suxeitas ás seguintes condicións:

Distancia a núcleos urbanos: 25 metros.

Distancia a vivendas: 25 metros.

Distancia a fontes, mananciais e leitos fluviais: 10 metros.

Distancia a cultivos agrícolas, praderías ou pasteiros: 10 metros.

Distancia a camiños e estradas asfaltadas de titularidade pública, desde o eixe dos camiños: 6 metros.

Distancia a camiños forestais: 6 metros.

Artigo 5.-Queda prohibida calquera plantación que supoña a substitución de especies de crecemento lento, resinosas ou coníferas, por especies do xénero eucalipto ou especies invasivas de alto risco sen a previa autorización expresa e escrita do Concello, que non a concederá sen o previo estudo detallado da solicitude e do informe da Dirección Xeral de Montes e Medio Natural.

Así mesmo, prohíbense as plantacións de calquera especie en zonas, neste intre, dedicadas a terra de cultivo, prados ou pastizais, salvo autorización previa.

Artigo 6.-Queda prohibida a plantación de especies do xénero eucalipto, nun radio de 150 metros contados a partir dos monumentos catalogados do Concello (capela de S. Miguel de Breamo, fortaleza de Nogueirosa, castros, etc.). Trala corta dos xa existentes, calquera nova repoboación deberase facer con especies autóctonas de crecemento lento. Así mesmo prohíbese a plantación das devanditas especies ata unha distancia de 100 metros da liña de costa, sempre que sexa por debaixo da liña do camiño de ferro.

Artigo 7.-Non se poderá, dentro do término municipal de Pontedeume, realizar plantación ou repoboación forestal ningunha, sen obter previamente a correspondente licencia ou autorización do Concello, que será solicitada en modelo oficial nas oficinas deste.

Artigo 8.-Para poder realizar cortas de árbores, dentro do término municipal de Pontedeume, a persoa física ou xurídica responsable da corta deberá de solicitalo cunha antelación mínima de tres días.

O impreso da solicitude deberá de ser cuberto en tódolos seus apartados, e rexistrado debidamente nas oficinas do Concello.

Deberase achegar, ademais, fotocopia compulsada do permiso de corta, expedido pola autoridade competente.

O responsable da corta responderá diante do Concello dos posibles danos ocasionados nas vías públicas municipais coma consecuencia do depósito e transporte de madeira, quedando na obriga da reparación das devanditas vías, e tamén na obriga da limpeza e retirada de refugallos.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en tres días cando coincida unha fin de semana.

No caso de non cumprir coas súas obrigas, poderán ser sancionados cunha multa que dobre o custo estimado da reparación.

Artigo 9.-As vías públicas non poderán utilizarse para almacén de madeira, aínda que se autorizarán as operacións imprescindibles para a súa

carga; aínda así, as gabias deberán quedar sempre limpas e en bo estado de uso.

Artigo 10.-Os responsables das cortas establecerán unha fianza a prol do Concello, co obxecto de responder diante de posibles danos non reparados voluntariamente; a contía será fixada polo servizo técnico municipal.

Artigo 11.-As árbores froiteiras, agás os castiñeiros, cerdeiras e nogueiras, quedan exceptuadas do establecido na presente ordenanza sobre distancias mínimas ás plantacións. As distancias mínimas tampouco serán aplicables ás edificacións que se localicen no medio rural, en zonas nas que xa existan explotacións de carácter forestal na data na que se solicite licenzia urbanística.

Artigo 12.-Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición ós responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar ós prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

As infraccións e sancións que lles corresponderán serán as seguintes:

a) Pola omisión da solicitude de plantación ou repoboación contemplada no artigo 7: 50.000 pesetas.

b) Por non respecta-las distancias mínimas establecidas nos artigos 2, 3 e 4: 25.000 pesetas.

c) Por cada unha das árbores plantadas a unha distancia inferior á mínima: 100 pesetas. A sanción prevista no presente apartado será compatible coa establecida no apartado b).

d) Pola omisión da presentación da comunicación de datos sinalada no artigo 8: 25.000 pesetas.

e) Por cada unha das árbores cortadas sen a previa comunicación de presentación de datos do artigo 8: 1.000 pesetas. Esta sanción será compatible coa establecida no apartado d) anterior.

f) Por almacenamento de madeira nas pistas: 25.000 pesetas.

As sancións previstas no presente artigo engadirase, de se-lo caso, a obriga de arrinca-las árbores que non respecten as distancias mínimas.

Disposición transitoria. As plantacións arbóreas e forestais xa existentes na data de entrada en vigor da presente ordenanza, disporán dun prazo de cinco anos, contados dende esa data, para adapta-las características das plantacións ó establecido na ordenanza ó respecto das vías públicas.

Disposición derradeira. A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Pontedeume, 23 de setembro de 2001